

Unha lectura de...

Adiós María

de
Xohana Torres



Teresa Bermúdez

XERAIS





Debuxo reproducido no nº 4 da
Festa da palabra silenciada.

EXISTENCIALISMO EN GALICIA

Esta corrente filosófica, liderada por figuras como o alemán M. Heidegger e o francés J.-P. Sartre influíu na literatura coa súa concepción do home alienado nunha sociedade absurda. En Galicia, deixou tamén unha forte pegada perceptible en todos os xéneros literarios, que na poesía deu lugar á Escola da Tebra, do que foi expoñente o pontevedrés M. Cuña Novás.

Así mesmo, a existencia dunha personaxe como a protagonista de *Adiós María*, de "persoaxes que falan consigo mesmo, a falta de un entorno coherente con que comunicarse, está presente en todos os escritores da Nova Narrativa" (Queizán: 1979, 76). Da man do monólogo xorde tamén o particular tratamento do tempo, co rexeitamento da cronoloxía lineal clásica e a introducción de múltiples planos que se confunden (Queizán: 1979, 76). En relación con isto, no protagonismo infanto-xuvenil poderían atoparse vinculacións coa Nova Narrativa:

Pódese afirmar que todos os escritores da Nova Narrativa desde Casares a Neira Vilas, de Blanco-Amor a Xoana Torres, van á procura das raíces ao mundo da infancia. É a búsqueda dun tempo coherente, dun mundo auténtico, dunha Galicia vivida cun modo aínda inconsciente e primitivo. (Queizán: 1979, 73-74)

Estas achegas terían sido aproveitadas en *Adiós María*, segundo teñen posto de manifesto estudiosas como Camino Noia e Dolores Vilavedra. Destacan o emprego do monólogo interior, a presenza de obxectos e a súa descrición enumerativa (malia estaren ao servizo da ambientación) e a descrición de personaxes desde o punto de vista da narradora (se ben claramente individualizados e definidos). Mais estes trazos valóranse como semellanzas a penas aparentes por parte da crítica (Noia, Méndez Ferrín, Tarrío), non abondas para considerar a novela dentro do movemento. Pola contra, estudiosos como Antón Capelán, Manuel Forcadela, Pilar Lorenzo e Francisco Salinas inclúena na Nova Narrativa. Forcadela vai máis alá ao encadrar *Adiós María* nunha fase de auxe, caracterizada polo descritivismo e o obxectalismo, pola carencia de innovación nos procedementos enunciativos e de inversión dos tempos lineais da historia, sen compromiso nin subxectivismo, todo isto nunha atmosfera existencialista e co recurso á enumeración esquemática. Ademais, este autor salienta o "costumismo" perceptible na obra malia que, ao seu parecer, a obra non permaneza allea ao influxo do neorrealismo nin do experimentalismo. En todo caso, non ten escapado ao conxunto da crítica a importante achega da perspectiva feminina, como se ten posto de manifesto:

Adiós María, sendo unha visión feminina e desde o feminino desas mesmas circunstancias inténase máis nunha aventura particular, procura unha maior intensidade na psicoloxía das personaxes, bota man, mesmo, de recursos que inciden plenamente na constitución da excepción que confirma a regra dentro da escola. (Forcadela: 1993, 108)

Cómpre considerar a obra como epigonal, pois marca unha transición na evolución da narrativa galega. Tal como acontece co conxunto da obra de Xohana Torres, presenta trazos que a vinculan ao grupo (neste caso, da Nova Narrativa) a carón de elementos que a individualizan. Por outra banda, aínda que une realismo e referencialidade coa realidade galega, *Adiós*

María cumpre á perfección coas tres constantes expostas máis arriba, polo que non hai razón para excluíla rotundamente. Entre os riscos que comparte co movemento e para alén da adscrición xeracional da autora (claramente incluída, tanto se a etiquetamos como pertencente ao grupo das "Festas Minervais", como se preferimos de "*La Noche*"), cóntanse en primeiro lugar o rexeitamento da trama lóxica e do personaxe como heroe, con María como antiheroína; en segundo lugar, a presenza da enunciación a través do monólogo, dando entrada á pluridiscursividade e ao discurso epistolar; en terceiro lugar, a ruptura a través da subxectividade co tempo e o espazo, e todo isto sen presenza explícita de ningunha ideoloxía política. Pola contra, non detectamos traza de obxectalismo, ao tempo que non aparece a temática sexual nin o absurdo nunha contorna tipicamente urbana.

3.3.2. DESDE O REALISMO SOCIAL

Coa década dos setenta ábrese unha nova etapa na narrativa galega, pois unha vez alcanzada xa mestría e madurez no emprego dos recursos recentemente adquiridos, prodúcese a consolidación do proceso de renovación. Iniciouse a seguir unha nova fase en que a experimentación e a descuberta pasan a un segundo plano, desprazadas pola temática social.

No caso de *Adiós María* e segundo testemuña a propia autora, nun primeiro momento a idea da novela partiu precisamente da intención de abordar a temática social que reflectise por fin a realidade da Galicia urbana. Así, van xurdindo os aconteceres cotiáns dunha rapaza de cidade, cos pais emigrados e o trasfondo da desaparición dos tranvías.

Ao abordar a problemática da emigración, se ben dun xeito colateral e orixinal, *Adiós María* pisa un terreo amplamente traballado na tradición galega, dentro e fóra da Nova Narrativa. Así, comparte a temática con autores e obras ben distintos. Desde a perspectiva do realismo clásico, o prolífico escritor emigrado Xosé Neira Vilas ocupouse de novelar as vicisitudes dos galegos emigrados a América, situando en Buenos Aires *Camiño Bretemoso* (1967) e *Historias de emigrantes* (1968), e na Cuba revolucionaria a máis recente *Remuíño de sombras* (1977). Noutra liña, novos narradores inspíranse na emigración a Europa e incorporan ao tratamento técnicas innovadoras: Camilo González Suárez-Llanos sitúa en Londres os relatos de *Lonxe de nós e dentro* (1961), e continúa no ambiente anglosaxón na novela *Como calquer outro día* (1962), mentres que Carlos Casares sitúa os seus personaxes galegos no norte do continente en *Cambio en tres* (1969). Pola súa banda, Xavier Alcalá refire ao mesmo tema a súa opera prima (*Voltar. Seis personaxes e un fado*, 1972), nesta ocasión situada na capital do Estado.

Na liña de realismo crítico e comprometido coa sociedade galega, á fina sensibilidade da nosa autora non lle escapa que existe outra emigración que se produce sen saír de Galicia, pero que non deixa de supor certo trauma. Trátase do salto do medio rural e da actividade agrícolá cara ao medio urbano, co conseguinte cambio económico e vital, que Torres radio-



Rapaces no peirao (en Galicia).
O oficio de vivir, G. Allegue).

BILDUNGSROMAN

Termo alemán traducible como "novela de autoformación" ou de "(auto)aprendizaxe", delimita un tipo de relato no que se narra a historia dun personaxe ao longo do seu camiño de formación intelectual, moral e/ou sentimental, no tránsito da infancia e xuventude á madurez adulta.



Portada de *Memorias dun neno labrego* de X. Neira Vilas.

grafa en *Adiós María* como logo veremos. Deste xeito, adianta un tema que será amplamente tratado anos despois, na narrativa das décadas dos oitenta e noventa: a tensión entre o rural e o urbano, producida pola problemática adaptación dos antigos labregos á vida nas cidades.

Parte da crítica creu percibir na técnica da obra certa influencia da narrativa hispanoamericana como orixe dos trazos innovadores que presenta a novela. Isto desméntese coas afirmacións da propia autora, quen nos ten confesado non ter lido novelista ningún do *boom* latinoamericano con anterioridade á elaboración de *Adiós María*, ao tempo que desbota tamén a utilización de modelos cinematográficos.

3.3.3. DESDE A NOVELA DE AUTOFORMACIÓN OU BILDUNGSROMAN

Entre finais dos sesenta e principios dos setenta xorden tamén con vezo as denominadas "memorias de infancia e adolescencia", "novelas de iniciación sentimental" ou "de aprendizaxe vital". Son convocadas deste xeito voces e personaxes tradicionalmente marxinaados e que agora saen a escena: os adolescentes toman a palabra, desde a súa lingua silenciada. No caso de María, esta vese dobremente afectada pola marxinação, pois á propia da idade engádese a motivada polo sexo, por unha feminidade que a condena aínda máis ao silencio. O recurso a personaxes marxinaados constitúe un procedemento "moi axeitado como fórmula semiotizadora dun cuestionamento crítico do pasado e da conflictiva construción dun futuro alternativo, é dicir, dunha problemática transición vital nuns tempos de marcado carácter fronteirizo" (Vilavedra: 1999, 260).

Adiós María forma parte do ciclo da novela de iniciación con protagonista infantil e xuvenil, de grande vitalidade nos primeiros anos setenta. A carón da arquicoñecida triloxía de Neira Vilas sobre as memorias infantís, composta por *Memorias dun neno labrego* (1961), *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977), cómpre salientar tamén a comuñón cunha obra paradoxalmente enfrontada polas circunstancias: *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor. Entre as obras inscritas no seo desta tendencia encóntanse *Aventuras de Alberte Quiñoi* (1972) de Manuel García Barros, de carácter costumista, así como a novela de Carlos Casares *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975). Xa elevado a alegoría nacional, encóntrese tamén o motivo na obra de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Retorno a Tagen Ata* (1971). Deste conxunto de obras, *Adiós María* é a única que se centra nunha narradora-protagonista feminina.

3.3.4. DESDE A LITERATURA FEMININA E/OU FEMINISTA

Semella evidente que, se escribir en galego implica aínda hoxe un acto de afirmación e subversión nacionalista, escribir sendo muller supón por si mesmo un acto de afirmación e subversión feminista. E, dado que *Adiós María* é unha novela de protagonista feminina escrita por unha muller,

cómpre prestar atención ao tratamento do personaxe feminino pois, partindo da afirmación de Virginia Woolf de que cada sexo se describe a si mesmo, a consciencia da feminidade na escritora levará aparelado un xeito determinado de presentar o personaxe.

Segundo a crítica feminista ten posto de manifesto en numerosas ocasións, a novela *Adiós María* supón a recuperación para a literatura galega da voz do "eu feminino" que reflexiona desde unha óptica de muller, retomando un motivo xa presente na escrita rosaliana. A novela, como o conxunto da obra da autora, exemplifica a asunción dun papel público por parte das mulleres escritoras, fito que abre unha nova fase na escrita feminina. Da escrita da igualdade, reflectida no nivel formal polo recurso ao eu masculino (*A orella no buraco*), pásase á procura da "escrita da diferenza", desde posturas claramente feministas.

Consideramos que para gozar dunha lectura integral e plena dunha obra tan complexa e plural como *Adiós María*, malia a súa aparente simplicidade, cómpre non deixar de lado a interpretación en clave de novela feminina contemporánea.

4. HISTORIA EDITORIAL E FORTUNA CRÍTICA DE «ADIÓS MARÍA»

4.1. XÉNESE E RECUPERACIÓN. A PRIMEIRA E, ATA O DE AGORA, ÚNICA novela de Xohana Torres ve a luz en 1971 co título *Adiós, María*, nunha edición copatrocinada polo Instituto Argentino de Cultura Galega e o Centro Gallego de Buenos Aires, que lle tiña concedido un ano antes o Premio Galicia. Este galardón era sen dúbida un dos máis importantes e prestixiosos de cantos se tiñan dado ata entón no ámbito da cultura galega. Contaba cunha dotación económica moi xenerosa para a época (10.000 novos pesos argentinos, o equivalente a 200.000 pesetas ao cambio de 1970), e estaba destinado a novelas en galego que reflectisen o ambiente e os costumes da vida galega, cunha extensión de 180 a 300 folios.

Edicións Galicia, dependente do citado Centro Gallego, en colaboración coa editorial Castrelos e Galaxia, foron as encargadas de daren ao prelo a obra, nunha edición datada o 15 de xullo de 1971. Así, a pesar de ter sido impresa no obradoiro gráfico de Castrelos (pertencente ao *Faro de Vigo*) e distribuída tamén por esta editora viguesa, a edición localizouse en Santiago.

Na primeira edición o título sofre unha lixeira pero considerable modificación consistente na adición dunha coma. En efecto, o erro de interpretación das palabras do título, que son tomadas como unha despedi-



Portada da 1ª edición de *Adiós María*.

da dirixida a unha tal María e non como a expresión exclamativa referida a si mesma, desvirtúa a mensaxe global da novela, pois non se corresponden co tema nin coa orientación da obra. É precisamente María, a protagonista, a que fica e a que agarda, e a que nos fala da súa situación tras ter ficado. Precisamente a novidade da perspectiva empregada foi a causa da confusión, nun ambiente literario afeito a ver abordar tema da emigración desde o punto de vista do emigrante, fundamentalmente home, e froito desta interpretación viuse distorsionada a forma correcta do título.

A novela coñeceu varias edicións dende entón. En 1976 publícase por iniciativa de Caixavigo a segunda edición mantendo no título a puntuación da primeira. Por fin se corrixe o título, *Adiós María*, nas sucesivas edicións de Galaxia (Vigo, 1989, 1990 e 1996, respectivamente) que a penas recollen modificacións gráficas consistentes na actualización normativa e a regularización ortográfica.

4.2. A POLÉMICA DO PREMIO GALICIA. A CONCESIÓN DESTE COBIzado galardón, dotado do prestixio dunha institución tan significativa na defensa e promoción política e cultural de Galicia, estivo marcada pola polémica e o cuestionamento máis acedo, polas acusacións de Eduardo Blanco Amor de ter sido desestimada a súa novela por motivos extraliterarios. Os prexuízos morais pola coñecida homosexualidade do escritor terían pesado na decisión de a obra ter sido excluída de concurso sen chegar nin sequera a finalista.

Á convocatoria do premio Galicia en 1970 tíñanse presentado un total de doce novelas orixinais. Entre outras, competiron naquela edición *O silencio redimido*, de Silvio Santiago, *O mesón do birollo*, de José Fariña Jamardo, *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor e *Adiós María*, que resultou finalmente gañadora.

O xurado estivo composto polo Presidente da Real Academia Gallega, Sebastián Martínez-Risco, e, por parte das editoriais Galaxia e Castrelos, polos académicos Leandro Carré Alvarellos, Xosé María Álvarez Blázquez e Isidoro Millán, e por Joaquín Freyre de Andrade, quen se retirou por non ter lido as obras. Efectivamente, no expediente en relación co caso que se conserva na Real Academia sobre o Premio Galicia de 1970 figura un informe valorativo da ducia de novelas presentadas, mecanografado e sen sinatura, que se supón emitido por un dos académicos que integraron o xurado, e que cualifica a novela de Blanco Amor en termos claramente pexorativos: "relato férido, esfalzado", "unha godalleirada" (Ruíz de Ojeda: 1994, 118, n. 61). Mais, en todo caso, cómpre poñer de manifesto que nunca se produciu intervención nin moito menos presión a favor da novela de Torres por parte de persoeiro ningún da cultura galega. Segundo nos ten testemuñado a propia autora, antes de facerse pública a decisión do

xurado ninguén sabía que tiña presentado a obra ao concurso, e certos membros do xurado confesáronse sorprendidos de que se tratase da obra dunha muller, e en concreto de Xohana Torres, que non tiña cultivado con anterioridade a narrativa. Mesmo o profesor Ricardo Carballo Calero, nunha carta de felicitación dirixida á autora tempo despois da obtención do galardón, deixa entrever a sorpresa perante certas técnicas e procedementos presentes na novela.

Desde ese momento, Blanco Amor asumiu o papel de autor discriminado, de damnificado por consideracións morais alleas á literatura. No sucesivo, non perdeu ocasión para lembrar e divulgar por todos os medios ao seu alcance o episodio do presunto relegamento dunha obra literaria de moita maior calidade por unha cuestión de "decoro", motivada por prexuízos moralizantes. É ben certo que pouco despois, a novela do xenial ourensán viuse en dificultades coa censura dictatorial polo mesmo motivo. Nas duras palabras de Blanco Amor, a obra fora rexeitada de plano, sen sequera ter sido lida por todos os membros do xurado, por ser "una novela procaz, es decir, una novela mal hablada", con certas cousas "obscenas". Necesitado dos cartos do premio para sobrevivir, a causa da precariedade que sufriu tralo seu regreso a Galicia, o escritor de Auria nin esqueceu nin perdoou o que considerou unha aldraxe.

Inevitablemente, todo este escándalo logrou enturbiar e rodear de nubeiros a acollida de *Adiós María*. Dificultouse o xuízo imparcial do público, e con isto o aprecio na súa xusta medida da obra, que se viu envolta sen pretendelo nunha loita tamén extraliteraria, como consecuencia de ter desbancado unha excelente obra de Eduardo Blanco Amor, un dos máis brillantes narradores galegos do presente século.

A fortuna crítica da obra foi desigual: incluída no programa de lectura obrigatoria no curso de Literatura Galega do profesor Carballo Calero, outros críticos seguen comparándoa coa novela blancoamoriana, e considerándoa claramente inferior (Capelán Rei), de xeito que se destaque a inxustiza cometida con Blanco Amor.

A multiplicidade de ángulos desde os que é posible abordar o discurso novelístico de *Adiós María* deu lugar a que sufrise ao longo do tempo interpretacións e clasificacións diversas, segundo se considerase preponderante un ou outro aspecto temático ou técnico. Así, foi etiquetada nun primeiro momento como novela testemuñal, con vocación de retratar de xeito realista a sociedade da época, e clasificada noutras ocasións como novela psicolóxica na que non deixa de ter lugar destacado a denuncia social dunha realidade socioeconómica adversa, que deixa como única saída a emigración e a despoboación. Sen embargo, o que nunca deixou de ser posto de manifesto pola crítica foi a súa novidade técnica, e a madurez na aplicación das últimas innovacións discursivas. A presenza destas novidades "xustificábase" na primeira edición por non apareceren levadas por "mero mimetismo", senón "atendendo á necesidade (...) de reflexar as vivencias dun personaxe", de María, alcumada Maxa (vid. lapela da 1ª edición).



"Máscaras" de Maruja Mallo.

Unha colección concibida como un abano de análises plurais, persoais e rigorosas das mellores obras literarias, explicadas á luz que sobre ela deitan as máis recentes achegas da teoría da literatura. Unha colección que, sen esquecer a súa finalidade didáctica, aspira a reunir as voces máis especializadas e sobranceiras da actual crítica galega.

ISBN 84-8302-753-4



9 788483 027530

1371011

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA

